



Premio
'Celanova, casa
dos Poetas'
para o escultor
Xosé Cid



Páxina V

A igrexa de San
Pedro en Lugo,
vai ser
rehabilitada



Páxina VIII

A mocidade
acondicionou a
ruta dos
Muíños de
Xábrega



Páxina VIII

O edificio
Impulso Verde
será construído
con madeira
certificada da
Mariña



Páxina X

O Arquivo
Histórico
Provincial de
Ourense pasa
á nova sede



Páxina XIII

Este outono
sairá ao
mercado a
castaña
deshidratada
de Luintra



Páxinas XV



A asociación Día de Galicia en Asturias entregou galardóns a empresarios asturianos e galegos na Cámara de Comercio de Oviedo

Páxina XII

Entrevista



José Manuel Rodríguez, presidente do
Consello Regulador Ribeira Sacra

"Agora mesmo só se pensa na vendima"

Páxina IX



Adega Vella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA - Ourense.
Tfns. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Consello Regulador Denominación de Origen

**Bar
FUENTEFRÍA**

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE



Humor

MARTIRENA



Luis Mac Beath



FUCO PRADO



Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.

Dereito a discrepar

Saio ao paso, desta volta, defendendo un dereito natural, o dereito a discrepar que moitos non entenden. Tanto pola dereita como pola esquerda, por riba ou por baixo, coa nostalgia ou progresismo que se envolve nalgún pano de intransixencia ou egoísmo. Quero reivindicar ese dereito fundamental. Mesmo entre as forzas que se proclaman máis nobres. Fágoo de cara, no medio tamén de grupos ríxidos ou dos medianamente tolerantes que se cren na posesión da verdade, da “súa” causa xusta e necesaria, que exclúe calquera outra.

E pásame a min que fun sempre discrepante, poñendo en dúbida aqueles dogmas que por fortuna foron caendo a poucos, co paso das afiadas poutas do beneficio que levaban nas alforxas ou das descualificacións apresuradas entre personalismos heteroxéneos que empregaron, no seu tempo, frases lapidarias para envolver aquelas falsidades. Mentiras que se descubriron co paso do tempo e das que ningún tivo a ben facerse cargo.

Venme este sentimento, quizais, dunha certa anarquía social que me substancia e que se xunta co escepticismo indisciplinado. Anarquía onde hai xentes de todo tipo tamén discrepantes de min, e con moi boas ideas, por certo, nada rexeitables. A virtude

humana nunca debe rexeitar causas minoritarias e menos aínda as minorizadas. Todas teñen razón de ser, máis razón de ser quizais por seren invisibles ao protectorado dos grandes medios, divulgadores



das parcialidades que lles benefician, enganadores a soldo que venden á forza mentiras, medias verdades e medias falsidades, imposturas, erros e vaidades múltiples, que ecoan piropos ao poder que as sustenta, mentres se manteñen agachados

entre as sombras.

O dereito a discrepar debe prevalecer nunha sociedade madura, das que queiran ter horizontes certos. Debe ser quen, esa sociedade, de propiciar entendemento e facer chegar a acordos, debates antes que “silenciamentos” ou illamentos sociais, ou manipuladas formas ditatorias, “linchamentos” moi agudos de discrepantes, artellados coma sempre mediante caladas formas de exclusión, dúbidas, procelosos casos de malversación, sinalamento, defenestración, baleiro, acusación puritanista, excesivo secretismo cheo de invencións e ameazas. Xente que ten/temos por costume manifestar a ousada opinión, e non debe levar colgado o sinal de apestado a pesar de non comulgar cos predicamentos de sempre.

Pode ser porque non acabamos de entender que somos moi diversos, que debemos aceptarnos con todas as limitacións, e que esa é a nosa riqueza maior. A pluralidade, a posibilidade de diverxer, de ir mudando, adaptarnos á versatilidade do voluble e impensado, do sorprendente. Algúns temos por costume discordar sen disimulo, contradicir e mesmo diversificar naqueles puntos máis ou menos puntuais do discurso embobado, que se fai nos despachos e que dá contento ás maiorías dóciles. Sucede así tamén por ese costume de estar cos perdedores, os que sempre pagan os problemas da controversia. Lonxe dos finximentos e das figuracións, do disi-

mulo que son artes moi empregadas polos que se empoleiraron no alto do curral e, alentados por voces do mesmo coro, cacarexan mentres se cren vitoriosos e libres de “pecado”.

Debemos de ser capaces para atender outras causas que proclaman o dereito e denuncian formas autoritarias nas que se cae desde postulados un tanto desesperanzados. Cómpre, o dereito a alzar a voz para denunciar inxustizas e as mesmas normas inxustas que nos trouxeron aquí, no medio quizais de caducas formas e fondos, que non acertan a dar e ver os tantos modos de sufrimento que hoxe hai, os tantos novos naufraxios que se observan nesta soidade, desamparo, pobreza, exclusión, discriminacións de todo tipo, explotacións crueis, abandono do rural que morre a custo do beneficio dos “iluminados”, ausencia de políticas inclusivas e participadas, mentres se instrumentaliza todo ata o inimaxinable, impedindo que haxa quen discrepe en modos e maneiras que non teñen actitudes agresivas, esquecementos nin descualificacións. E, xa para rematar, renegar de toda esa rabañada de linchamento social que se parapeta desde as redes sociais, capaces de perverter coa súa peste e execución constante, desde a ocultación ou a mentira.



Por Ramón Coira Luaces

Querer o teu país

Hai ministerios nos que querer o teu país -poñamos por caso Galiza- está mal visto e convértete en disidente. Non fai falla ser un radical; se defendes o teu idioma e a túa cultura pasas a ser un /unha perigos@ activista que hai que neutralizar dun xeito ou doutro. Parece un chiste, porén para moita xente é unha fonte de angustia e de amargura. Quero

pensar que a cousa suavizouse un pouco, pero antes defender o galego era simpatizar con ETA, ser un inimigo do Estado e un traidor. Non sei canta xente foderían por ese suposto crime, porén coido que bastante. Desde o momento en que aceptas traballar para o Estado tes que aceptar que xogas fóra de casa, aínda que estés en Galiza, co árbitro comprado e sen ningún a

quen recorrer en caso de acoso ou de conflito. Tan só @s compañeir@s que queiran axudarte, xeralmente galeg@s coma ti. É esta unha irmandade invisíbel, pero que funciona en caso de necesidade. Non é normal e natural que un / unha galeg@ queira o seu país? Polo visto non. Para os féridos e duros é mostra de “traición” e de “fanatismo”. Así que temos que ser discret@s e disimular... até que xa non poidas máis. O centro peninsular irradia centralismo, fascismo e veneno. Cantas veces ser normal foi

delito? Mala centella vos coma, merdentos, escoura. Como dicía Celso Emilio Ferreiro, pode o corpo ser vencido, pode o dereito ser torto, pero este lume que alampea, xamais o veredes morto. Cando a Xustiza fai xustiza é unha festa (lembrede a recente sentenza sobre o Pazo de Meirás) e algún día farase xustiza.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal
Fotografía: Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).



Xornal Cultural
para o Lecer

Depósito legal: VG-14/2017

Opinión

Por Amador Rego Villar-Amor

Similitude de leis 1967 1978

A primeira curiosidade é que ambos os anos teñen o mesmo calendario: a Pascua coincide nos dous o día domingo 26 de marzo. A lei que sae aprobada na sesión de Cortes de martes 22 de novembro de 1966, sae logo no BOE nº 281 do 24 de novembro e logo é sometida a referendo un mércores 14 de decembro de 1966, que é aprobada por unha ampla maioría e é cando con case 24 anos votei por primeira vez.

Dicía Franco e Fraga que votar si era votar futuro, que deu paso a máis acontecementos importantes, entre eles poder levar a cabo a máis que exemplar Transición. Aquela lei era como unha especie de Constitución, pois tocaba case todos os aspectos que a Constitución de 1978 ten, naturalmente salvando as distancias dunha Ditadura a un Estado Democrático.

Pois ben aos dous anos e sete meses, Franco propón ás Cortes como sucesor á Xefatura do Estado ao príncipe Juan Carlos de Borbón e Borbón a título de Rey, na sesión de Cortes do martes 22 de xullo de 1969, que é aprobada por unha ampla maioría e cuns 40 nons de procuradores polo Terzo Familiar, procuradores do Sindicato Vertical, procuradores nomeados por Franco como Luca de Tena, e como o máis soado non por parte do tenente xeral Rafael García Valiño e Marcen que se permite botar un pequeno discurso, defendendo o seu negativo voto. Este home falece aos tres anos, en 1972.

Despois de morto Franco, ao ano seguinte morre Alejandro Rodríguez de Valcárcel, que fora o avogado do Estado, xefe na delegación de Facenda en Madrid. Este home era o que presidía as Cortes

cando falece Franco e toma o xuramento de Juan Carlos como Rey o 22 de novembro de 1975.

Pasa a ocupar aos sete meses o cargo de presidente do Goberno Adolfo Suárez González que leva a cabo a exemplar Transición da lei á lei empezando por facer un referendo para a aprobación da Lei de Reforma Política, que se fai un mércores 15 de decembro de 1976, curiosamente aos dez anos xustos da anterior, e que é aprobada por unha maioría importante, así como tamén cunha ampla participación. Logo é aprobada a Constitución nas Cortes un 31 de outubro de 1978, sendo sometida logo a un referendo un mércores 6 de decembro de 1978, aprobada tamén por unha amplísima maioría.

Esta Constitución é confeccionada por sete persoas. A de maior idade Manuel Fraga Iribarne con 56 anos. Jorge Solé Tura con 48 anos e logo Gregorio Peces Barba, Miguel Roca Yuny, Gabriel Cisneros, Miguel Ferreiro e Pedro Pérez

Llorca. Daqueles só quedan Miguel Roca e Miguel Ferreiro, ambos de 80 anos.

Convén lembrar que esta Constitución foi confeccionada por persoas de ideas políticas moi dispares; non así a da República, aprobada un mércores 9 de decembro de 1931, só con persoas da mesma idea, excluindo ás demais opcións políticas, o que fai que reciba críticas de persoas como Unamuno, Ortega e Gasset, Marañón, Besteiro e Alcalá Zamora entre outros.

Paso a apuntar a similitude dos artigos das Constitucións, se así lle pode chamar á do 10 de xaneiro de 1967, pois en nove artigos, uns son exactamente iguais e outros son moi parecidos. Isto faime pensar que aquela lei de 1967, aínda tendo en conta aquel sistema, os seus artigos non estaban tan mal feitos.



(O texto completo poden lelo en : www.novasdoeixoatlantico.com)

Por Carlos Méixome

Dona Emilia en Mondariz 1 Primeira e última visita

Mondariz segue a conservar o seu encanto. Perdeu, é evidente, aquel feitizo, aquel “charmé” romántico da obra humana devorada polas lapas odo proxecto fracasado, do feito inacabado. Estragado o seu engado espiritual, loce agora no seu esplendor material que tanto gusta nunha sociedade prendida pola aparencia repetitiva da imaxe, na que o “hixienismo” decimonónico, que empurrou a grande obra dos Peinador e trouxo, con asiduidade, a condesa de Pardo Bazán ata Mondariz, ficou substituído polo “esteticismo físico” das aparencias posmodernas. Hoxe xa non se beben as augas para coutar ou mitigar as doenzas dixestivas senón que se empregan para somerxer os corpos en permanentes lavativas na procura da do corpo magro que se foi. Dona Emilia pouco tiña de romántica, polo que de seguro lle agradaría volver ao Mondariz real, ao actual.

Pretendo encetar unha serie de breves artigos relacionados co Mondariz e dona Emilia para ofrecerllos ao meu amigo Guillermo no seu impenitente labor de manter ergueita a nosa lingua, que dona Emilia non tiña en moita consideración, e a nosa nación, que a Pardo Bazán non entendía,

formada como estaba nese xacobinismo francés que a monarquía borbónica tan ben asumiu.

A primeira visita da condesa a Mondariz entendemos que foi en 1887, ou cando menos así se desprende da nota manuscrita que ela mesma incorporou ao “Álbum de Honor” do balneario e reproducida no “Suplemento” nº 43 de “La temporada” correspondente ao 20/7/1921 que se pode consultar en hemerotecadigital.bne.es.

“La temporada” foi un dominical gratuito que publicaba o balneario durante a tempada de verán, uns 17 por ano, e que comezou a publicarse parece arredor de 1879, pouco despois de recoñecerse como de utilidade pública as augas do balneario (1873), e mantívose, cando menos, ata 1931 segundo os exemplares que se poden consultar en galiciana.biblioteca.galicia.xunta.es/. O “Suplemento” era unha revista mensual ilustrada que se publicou entre 1915 e 1922, durante 46 números, como un excelente complemento a “La temporada”. Ambas trataban asuntos relacionados coa saúde e a hidroloxía, así como coa literatura e en especial a divulgación do contorno natural, monumental e cultural do balneario e de Galicia para promover o turismo e “facen patria”.

O dominical estampábase na imprenta do balneario de onde saían tamén as célebres etiquetas das botellas de auga. A revista mensual imprentábase en Madrid e excedía con moito a simple concepción dun folleto propagandístico para se converter, tanto pola calidade de impresión e

unha rendida homenaxe, asinada por Miguel Martínez de la Riva, dende a revista “que con el nombre de Mondariz hace en el mundo entero una gran propaganda regionalista” á “colosal polígrafa” con motivo do seu falecemento dous meses antes (12/5/1921), e reproducense dúas notas autógrafas que entendemos se corresponden coa primeira e última estancia de dona Emilia en Mondariz. Teñen a curiosidade de estar asinadas nun mesmo día e mes, aínda que, como é lóxico de anos ben distantes.

No primeiro apuntamento (24/9/1887) escribe a autora de La madre naturaleza: “Fatigados del recio combate, venimos pedir a la Naturaleza madre y reparadora que nos dé alivio”. Trinta e un anos despois a condesa anota da súa man: “En otro tiempo los extranjeros afluían a Santiago de Compostela, buscando la salud del alma. Ahora, la misma pintoresca confusión de lenguas, que en las naves dela Catedral de Mateo y Gelmírez resonaba, puede encontrarse en este Álbum, donde brilla un reflejo de Europa, entre la sombra verde azul de los pinares gallegos. Acuden de todas partes, pidiendo al agua maravillosa un poco de vida, un poco de bienestar, el alivio de los males tenaces e insidiosos”. Era o vinte e catro de setembro de 1919. “Europa está enferma”, anota un pouco despois dona Emilia. Decatábase de que ela tamén.



Suplemento a la temporada en homenaxe a dona Emilia

as colaboracións como polo galeguismo que impulsaba os seus promotores, nunha das grandes revistas galegas do momento. A dúas columnas, papel couché e capa a varias tintas, distribuíase gratuitamente entre os clientes do balneario.

No número ao que nos referimos realízase

Por Manuel Blanco Villar

Doade 2020, unha malla diferente

Por causa da COVID-19, neste ano 2020 todo mudou: xa non podemos saír tranquilos a pasear polas rúas, respirar en liberdade, abrazar aos nosos seres queridos, nin achegarnos a compartir o tempo cos nosos amigos, desapareceron as verbenas populares dos nosos pobos e as ceas nos restaurantes, sentimos pánico de ir ao médico, non podemos acompañar aos enfermos nos hospitais, nin sequera despedir aos achegados no seu funeral. E como nada é igual que antes, a XXI edición da Malla Tradicional de Doade, celebrada o pasado 22 de agosto no Museo Casa do Patrón, tamén resultou ben distinta a todas as anteriores.

Se, por unha banda, tiñamos a obriga moral de celebrala unha vez máis, na honra dos nosos devanceiros que cada ano polo mes de agosto realizaron durante séculos este sacrificado traballo comunitario, sen importar as guerras nin as pestes habidas ao longo da historia, posto que precisaban mallar para obter o gran que levar ao muíño e facer coa fariña o seu pan da cada día, tamén por respecto aos queridos veciños e amigos do Museo que acudiron ininterrompidamente durante 21 anos a esta cita, aportando o seu traballo para poder realizar a Malla, que demostraron máis ca nunca a súa valentía e compromiso con este singular evento, que tan lonxe levou polo mundo o nome da parroquia de Doade; por outro lado, sentimos a pena, a incerteza e a responsabilidade de decidir facela por primeira vez sen público, coa finalidade de poder garantir o estrito cumprimento de todas as medidas de seguridade

requiridas pola pandemia.

Aínda que mantivemos o compoñente etnográfico e histórico íntegro da secuencia das diversas modalidades da malla, así como a súa importante integración no medio rural e natural, realizando a execución nunha paraxe de enorme valor paisaxístico e medioambiental, vímonos forzados a suprimir o seu vector lúdico e festivo, eliminando a tradicional comida de confraternidade ao aire libre, así como a ruada da malla, un importante serán de música tradicional galega, en continuado auxe nos últimos anos.

Coa finalidade de suplir no posible esa total ausencia de público, ao que sempre agradecemos a súa fiel e masiva asistencia, e tamén a súa ausencia nesta situación tan anómala para todos, realizamos unha completa transmisión en directo do evento por streaming, que colgamos na internet, ao igual ca un vídeo resumo da sega, outro desta edición da malla e un terceiro coa recompilación das XX edicións anteriores, que xa e poden visualizar, pulsando a pestana "Malla de Doade" no canal youtube, así como varias conexións en directo da TVG, a habitual cobertura dos medios de comunicación e a edición especial do libro "Unha cita coa historia: 20 anos de Malla Tradicional en Doade (Lalín)", en formato grande.

Foi realmente exemplar a responsabilidade, disciplina e comportamento dos participantes, dende os máis cativos ata os máis vellos, observando escrupulosamente as directrices marcadas pola organización na toma de temperatura e lavado con hi-



droxel previos ao evento, mantendo o distanciamento social e o uso das máscaras en todo momento, a pesar de tratase dun traballo tan duro, executado a mediodía, baixo un sol de xustiza.

Os Trasnós


Especialmente emotiva resultou a interpretación do Himno de Galicia polo grupo local de gaitas Os Trasnós de Doade, en recordo dos 638 galegos falecidos polo coronavirus, escoitado co máximo respecto e moi aplaudido pola totalidade dos presentes, moitos dos cales non puidemos evitar derramar algunhas bágoas pola súa inxusta partida. Aproveitando os descansos, este grupo interpretou varias cantigas populares das mallas, poñendo a nota folclórica - musical á celebración.

En definitiva, non podemos máis que sentirnos ben orgullosos de ter organizado e participado na execución, talvez da única malla celebrada este ano en Galicia, quizais a máis triste e estraña, pero tamén a máis emotiva, transcendental e histórica das nosas vidas, que marcará un antes e un despois no longo percorrido que lle auguramos a Malla Tradicional de Doade,

que non dubidamos pronto será declarada "Festa de Interese Turístico de Galicia".

Pero, como a vida segue, a pesar das circunstancias adversas que atravesamos, tentaremos desenvolver a maioría das actividades previstas no noso programa anual, como son a edición e publicación de dous libros máis relacionados coa antropoloxía histórica da parroquia e o confinamento, a "fia do liño", a limpeza, sinalización e prospección xeofísica das mámoas de Doade, a celebración do evento "Unha aldea no Nadal do Camiño"...

A Casa do Patrón quere facer público o maior dos agradecementos a todos e cada un dos participantes, aos seguidores habituais, esta vez ausentes fisicamente, pero presentes no corazón, aos medios de comunicación e a todas as persoas que, co seu incondicional apoio, dende a proximidade ou dende a distancia, fixeron posible darlle continuidade á gran malla do interior de Galicia nunha situación tan crítica. Tanto eles coma nós, cando dentro duns anos botemos a vista cara atrás, decatáronos de que estabamos a facer Historia con maiúsculas, no peor dos escenarios.



Xosé Cid recibindo o galardón.

Premio 'Celanova, casa dos Poetas' para o escultor Xosé Cid

O escultor ourensán Xosé Cid recibiu o XXXVI premio "Celanova, casa dos poetas", outorgado pola Fundación Curros Enríquez nun acto que consistiu nunha ofrenda floral a Celso Emilio Ferreiro con motivo do seu 41 cabo de ano e a lectura dun fragmento do poema "A herdanza", por parte do fillo do escritor, Xabier Ferreiro.

O padroado entregou este premio a Xosé Cid en recoñecemento á súa longa traxectoria como escultor. Tamén subliñou a súa condición de "creador case autodidacta" que entronca co movemento cultural dos "artistiñas" de Vicente Risco, que se fraguou nos anos 60 e que entronca coa Xeración Nós.

Opinión

Por Luís Redondo Gaona

Maioría descrida

Queda un pampo ao ver como nas moi prescindibles ducias de “análises” postelectorais das últimas autonómicas (acaso relecturas dos mesmos titulares do luns 13), paseouse sen facer moito ruído —senón se omitiu— o dato sobre a abstención: alomenos o 41,12% do censo, desta volta. Semella un feito que debiera ter, canto menos, a mesma relevancia na sección de Opinión que o reparto de escaños, mais foi unha vez máis a grande esquecida. Ver para crer.

Pensaría un que, e sobre todo nun escenario no que nada cambia en San Caetano, habían ser estas porcentaxes (por situarnos, 36,25% nas anteriores autonómicas do 2016 ou 36,2% no 2012; cifras todas do cómputo provisional sen contar o do CERA, que fai descender aínda máis a participación final) tema central das reflexións dende a esquerda parlamentaria. Mais nada máis lonxe da realidade: as arengas baleiras de sempre; estereotipo fronte análise de onda longa.

Considérase a abstención “antipolítica” propia de ignorantes, un pecado maior que o “votar mal”. Tema tabú por excelencia nas tertulias dos resabidos politizados de arredores dos campus universitarios. No café-bar de barrio obreiro, pola contra, é difícil non escoitar entre xuramentos “á política” varias voces confesando sen reparo que “xa non votaban”. A separación en dúas culturas políticas tan diferentes en apenas uns centos de metros da mesma

cidade, merecería en calquer caso unha aproximación seria por parte de politólogos afeccionados e profesionais.

Mais a actitude elexida sentencia torpemente á porcentaxe de abstención, sen perder un minuto en estudar o fenómeno,



como inocente á vez que culpable dos (seus) resultados electorais. E subliñamos “elexida” porque, contra dalgúns dos mitos asentados na análise política galega, dispomos hoxe de suficientes ferramentas estatísticas e sociolóxicas rigorosas e de fácil acceso, para facer unha análise fundamentada da cuestión.

Tales análises atópanse sen dificultade na bibliografía especializada en ciencias sociais, tanto do caso galego como do conxunto do Estado, malia que a súa difusión e impacto quedan reducidos ao ámbito académico. Podemos destacar aquí o título

de referencia «Las elecciones autonómicas de Galicia (1980-1990)» (1992), do finado catedrático da USC, Vilas Nogueira, o magnífico libro coordinado polo catedrático Veira Veira da UDC, «La evolución de los valores sociales en Galicia» (2010), ou o traballo neste campo do profesor Míguez González, tamén da UDC.

Unha labor imprescindible de precisión analítica que, con todo, adoece da falta de ligazón cunha performatividade política, é dicir: non se ten en consideración para a liña do groso das forzas políticas ou se acompaña de formatos de difusión de masas. Priorízase nos medios, como decimos, a descripción exaltada pola base do PPdeG ou o BNG duns resultados que xa coñecíamos para a cea do domingo, e que leramos xa dez veces antes da man de cadanseu falabarato apresurado en deixar testemuño público de declaracións a todas luces innecesarias.

Pero que nos din os datos? Pois por exemplo, que o tópico da abstención técnica galega (isto é, aquela porcentaxe debida a causas estruturais ou loxísticas, tales que: circunstancias persoais, deficiencias do censo, clima, situación dos colexios electorais, etc.), tivo só un impacto notorio ata mediados dos anos 80. A abstención galega é dende entón, co resto do Estado, política —intencionada, se se prefire— e cabe logo só discutir das razóns psicosociais tras dela.

Quizais sorprenda a moitos saber tamén que a abstención é hoxe fundamentalmente un fenómeno de grandes núcleos urbanos, inversamente proporcional ao nivel de

renda, ou que a poboación maior de 65 anos, contra da asentada figura da carretaxe, é precisamente un dos grupos de idade máis abstencionistas (senón o que máis, en termos relativos). Coñecemos ademais polos estudos postelectorais do CIS, que a absoluta maioría das persoas que se abstiveran, decidíranlo moito antes do inicio da campaña electoral.

A abstención política ten, por suposto, diferentes motivacións individuais, que poden ir dende a medida de presión ante determinado/s partido/s, a resignación e pesimismo respecto da utilidade do voto, ou ser o vector de mobilización cara un sistema político diferente. Seguramente, aínda máis xustificacións. Mais o erro aquí sería confundírmolas coas causas, e entre a multiplicidade pódese ver unha unidade na crise política capitalista de representatividade.

Ante este panorama cabe, ben defender a lexitimidade do réxime e pular quizais por novas formas de corporativización deses sectores populares que non votan, ou ben lexitimar á maioría descrida organizando o xérmolo dunha democracia proletaria de servizos sociais, vivenda e traballo garantizados. Se cadra enténdese mellor así a indignación dos acompleados sen acta de parlamentario coa abstención: atenta obxectivamente contra as súas aspiracións vitais. Non é logo que poidamos agardar deles outra cousa que novos artigos do mesmo padrón.



Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Os dereitos das minorías nacionais

Hai agora 87 anos, o 18 de setembro de 1933, Galicia foi recoñecida como nación polo IX Congreso de Nacións sen Estado e Minorías Nacionais da Liga das Nacións (SDN), precedente da ONU. Foi fulcral a intervención de Plácido Castro, secretario de relacións internacionais do Partido Galeguista (PG) e o apoio das entidades políticas e sociais catalás e vascas que xa partillaban, dende os primeiros anos 20 do século XX, neste Grupo de Traballo da SDN. Este organismo da SDN tendía nomeadamente a recoñecer o dereito ao autogoberno, á plena igualdade de dereitos civís e políticos e á xusta representación política destas nacións sen Estado e minorías nacionais, definindo amplos acordos que fixeran posíbel a convivencia pluralinacional en varios Estados europeos.

Hai poucos días, o xoves 17-S, o avo-

gado Gonzalo Boyé apelou á consideración de Catalunya como minoría nacional para alicerzar o seu recurso de casación perante o Tribunal Supremo contra a condena do Tribunal Superior de Xustiza de Catalunya (TSJC) que condenou ao seu cliente, o president Torra a unha pena de inhabilitación para o seu cargo por non ter cumprido o mandato da Xunta Electoral Central (XEC) de tirar da fachada do Pazo da Generalitat unha lazada amarela, expresión de solidariedade cos presos políticos soberanistas cataláns, nos días da campaña das eleccións estatais de abril de 2019.

A apelación ao concepto de minoría nacional é bastante novidosa a respecto da tradición dos nacionalismos catalán, vasco e galego, sempre defensores dun concepto de nación (respectando a pluralidade interna) con dereito á súa libre de-

terminación, consonte co Dereito Internacional (artigo 1 do Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos), a doutrina da ONU e da SDN. Mais é moi eficiente en termos do Dereito Internacional e do Dereito da Unión Europea, nomeadamente no eido dos dereitos fundamentais. O artigo 2 do Tratado da Unión Europea alicerza ésta no respecto dos dereitos das persoas, mais tamén nos das minorías.

No caso de Catalunya o seu president foi condenado por incumprir unha orde arbitraria da Administración electoral, pois que a lazada amarela non constituía ningunha violación do principio de neutralidade institucional, senón unsimple exercicio da liberdade de expresión de propostas humanitarias (a liberdade dos presos políticos). Os presos políticos sufriron un proceso cheo de irregularidades, mesmo desenvolvido por un Tribunal incompetente por razón do foro persoal dos atinxidos. Ao president Puigdemont e outros dous eurodeputados de JuntsxCat, elixidos

polos votos da minoría nacional catalá, lles foi impedido temporalmente polo Estado español o acceso ao Parlamento Europeo.

A apelación aos dereitos das minorías nacionais mesmo constitúe un grande reforzo do dereito a decidir de Catalunya, do seu dereito de libre decisión. Porque, consonte coa doutrina da ONU e coa expresada pola Unión Europea no 1991 (a respecto da declaración de independencia das repúblicas bálticas), os pobos non suxeitos a colonización tamén son titulares deste dereito a decidir. E, diante dunha vulneración repetida dos dereitos fundamentais de grupos ou sectores sociais e políticos da minoría nacional, mesmo o exercicio deste dereito habería ser titoriado pola mesma UE e pola mesma ONU, dacordo coa doutrina que teñen decidido e ratificado até a data.



Belarús e as transicións "3.0"

A actual crise postelectoral que sacode a Belarús, selará o final da "era Lukashenko"? O considerado polos medios occidentais como o "último ditador de Europa" vive os seus días mais delicados dende que chegou ao poder en 1994.

Unha inédita coalición opositora liderada por Svetlana Tijanóvskaya coloca contra as cordas un réxime herdeiro da desintegración da URSS e das complexas transicións "post-soviéticas".

A Unión Europea xa delimitou as súas "liñas vermellas": non recoñece a nova reelección de Lukashenko nos comicios do pasado 9 de agosto, apoiando a unha Tijanóvskaya refuxiada en Lituania. Toda vez Bruxelas busca unha transición "post-Lukashenko", éste volve a súa mirada cara o seu tradicional aliado, a Rusia de Vladimir Putin.

A crise bielorrusa debe delimitarse dentro das tensións políticas postsoviéticas e dos derivados pulsos xeopolíticos existentes nos últimos anos entre Rusia e Occidente (particularmente a OTAN) por

manter esferas de influencia nese estratéxico espazo euroasiático. Unha repetición das denominadas "revolucións de cores" que, desde 2000, observáronse en países deste



espazo euroasiático como Serbia, Xeorxia, Ucraína, Kirguizistán e Armenia.

Inicialmente, o prisma mediático occidental tentou equiparar a crise bielorrusa coas suscitadas na veciña Ucraína entre 2003 e 2014, que levaron á transición prooccidental en Kiev e á anexión rusa da estratéxica península de Crimea.

Pero a pesares das tensións e intereses xeopolíticos existentes, a crise bielorrusa de 2020 afronta outras realidades.

Os medios rusos, mais concentrados en propagar as bondades da súa vacina contra o coroavirus, explican a crise bielorrusa como un "segundo Maidán", en referencia á mítica praza da capital ucraniana Kiev, escenario das multitudinarias protestas de 2013-2014. Pero sen intensidade mediática, incluso con indiferenza.

A diferenza do ocorrido en Ucraína, Putin evita en Belarús adoptar unha posición desafiante con Occidente, avogando por unha resolución pacífica pero sen perder esferas de influencia, con o sen Lukashenko no poder.

A oposición bielorrusa, a diferenza da súa similar ucraniana, tampouco manifesta slógan antirrusos. Tijanóvskaya e os seus aliados, na que destaca a Premio Nobel de Literatura Svetlana Aleksíevich, manexan un escenario electoral a curto prazo, confiando en que a Unión Europea, EE.UU e os organismos electorais premen por uns comicios "transparentes".

Pero incluso se Lukashenko lograra man-

terse no poder, o seu réxime verase irremediamente afectado, aleccionado cara algún tipo de transición política.

Na súa recente xuntanza con Putin a mediados de setembro, Lukashenko manexou a posibilidade dunha reforma constitucional para "descentralizar" o poder. Pero a oposición bielorrusa, fortalecida polo irrestrito apoio occidental, non acepta esta fórmula.

Así, a clave da resolución desta crise definiríase a través dun pacto entre as elites do réxime bielorruso e as forzas opositoras, avaliado por Rusia e Occidente, a fin de evitar a reprodución en Belarús do irresoluble conflito ucraniano de 2014.

Pero non é Belarús a única crise ruso-europea. Están tamén a tensión mediterránea entre Grecia e Turquía, ámbolos dous membros da OTAN, en Nagorno Karabaj entre Armenia e Acerbaixán e o escuro caso do presunto envelenamento do opositor ruso Aléxei Navalny.

Así, os vellos conflitos non cesan nin sequera nun escenario global definido pola pandemia.



A participación e creatividade nas festas populares

Comentabamos días pasados o alcance da aplicación do principio da discriminación positiva na programación musical da radiodifusión española en 1969. Aquela Orde ministerial pretendía limitar as emisións masivas de música anglosaxona, protexendo a música lixeira cantada en castelán, incluíndo tamén tamén as que denominaban "linguas rexionais".

Este principio xurídico da discriminación positiva recoñecido polo noso ordenamento xurídico e xurisprudencia tamén ten sede no dereito comunitario. Xa que logo, é de obrigado acatamento tal doutrina polas institucións públicas. A súa incorporación aos regulamentos e ordenanzas municipais é a garantía da igualdade real de oportunidades para a lingua galega nas probas de acceso á función pública e nas convocatorias para a adxudicación de servizos públicos.

Grazas á comentada Orde ministerial de 1969 a lingua galega acadara unha importante presenza na música lixeira daqueles tempos. Cómpre lembrar como algunhas cancións interpretadas por Andrés do Barro,

Juan Pardo, Los Tamara, Bernardo Xosé, Amancio Prada, o grupo instrumental Los Relámpagos que popularizaron a Alborada de Veiga... traspasaron as nosas fronteiras xeográficas a través das ondas radiofónicas, chegando a espazos inéditos do lecer. Tanto Julio Iglesias como María Ostiz, iso si, con certo desleixo lingüístico, colocaron algúns dos seus temas nos grandes éxitos de audiencia e vendas na discografía do momento.

Nos espazos musicais da TVE – a única que había – eran frecuentes as actuacións dos mencionados cantautores e dalgúns estranxeiros cantando no noso idioma. O impacto que tiveron estas actuacións nos medios audiovisuais foron considerables. Afectaran tanto á autoestima dos galegos, que os centros galegos espaxados por Europa e América incorporaran a estes coñecidos artistas nas súas programacións festivas.

O espazo radiofónico semanal, "Pandeirada", emitido en lingua galega por Radio España que dirixía Manuel Torre Iglesias, contribuíu a poñer de moda a música lixeira cantada en galego en todo

o territorio peninsular e que o noso idioma fose aceptado polos radiouvintes.

Os grupos folclóricos, que resistiran grazas aos esforzos de agrupacións heróicas como Cantigas e Agarimos, Toxos e Flores, Coral de Ruada... e algúns quintetos de música tradicional, que fuxiran da nefasta tutela da Sección Femenina e da "Organización de Educación y Descanso" vencellada ao Sindical Vertical do réxime franquista, que maltratara todo o que puideron o noso cancionero popular, volveron rexurdir con grande pulo.

Contemporáneo foi tamén o Ballet Rey de Viana, que comparteu escenarios internacionais coas afamadas compañía de Igor Moiséyev, Alicia Alonso e o Ballet Nacional de España, entre outros. Os que por idade puidemos asistir á programación de verán do auditorio o aire libre de Castrelos, o máis grade de Galicia, comprobamos como os vintecinco ou trinta mil espectadores vibraban coa música e coreografías de Rey de Viana, que un bo día unha conselleira de cultura nacionalista da Xunta de Galicia, sen explicar as razóns, acordou disolver tal ballet, poñendo cabo a unha concreción dunha vella arela das Irmandades da Fala.

Falabamos na anterior colaboración da campaña de dinamización lingüística que baixo o rubro de Mil Festas Máis para a Lingua Galega vén promovendo a Asociación

de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, para que as comisións de festas municipais e parroquiais incorporen aos seus programas a contratación de grupos musicais que interpreten música lixeira e culta en galego. Está máis que comprobado que a programación de grupos de música tradicional, moi do gusto da xente, garante o éxito coa asistencia masiva de público. Consideramos que é tamén moi oportuna a participación de grupos teatrais, así como a posta en valor do patrimonio material e inmaterial do espazo territorial correspondente.

Hai que cambiar a mentalidade dos programadores das festas populares; para iso os concellos deberían organizar seminarios dirixidos ás comisións organizadoras, ofrecéndolles modelos de programas ao tempo que avezalos nunha mellor xestión dos recursos económicos coa colaboración de antropólogos, etnógrafos e historiadores, para conseguirmos unhas festas máis creativas, participativas e galeguizadas.

En tempos de grandes mudanzas, como os que estamos a vivir, é imprescindible botar man do coñecemento e da imaxinación para podelos afrontar.



A igrexa de San Pedro vai ser rehabilitada

A Xunta de Galicia adxudicou os traballos da primeira fase das obras de reparación e restauración da igrexa do mosteiro de San Francisco de Lugo, actual igrexa de San Pedro, cun investimento superior aos 750.000 euros. Trátase dunha actuación que conta cun prazo de execución das obras de 11 meses e que permitirá a posta a punto deste sobranceiro ben que constitúe un dos inmobles máis singulares cos que conta a capital lucense.

A actuación que se levará a cabo neste Ben de Interese Cultural (BIC) permitirá resolver as patoloxías existentes no ben, así como mellorar as condicións de confort do inmovle. Neste contexto, os traballos centraranse fundamentalmente en resolver os problemas de humidade procedentes das filtracións existentes na cuberta e nas fábricas.

Ademais mellorarase a imaxe do monumento harmonizando os acabados dos paramentos exteriores e incidirase na conservación do cruceiro e de elementos construtivos e decorativos de alto valor histórico artístico como son a portada histórica, o rosetón sur, a cornixa moldurada pétrea, o vanos góticos ou os contrafortes das capelas da cabeceira. Ademais, os traballos tamén incluírán a avaliación arqueolóxica na cabeceira da igrexa.

A Consellería de Cultura e Tu-



A igrexa tén categoría de monumento desde xuño de 1931.

rismo asinou un convenio de colaboración coa Diocese de Lugo para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración en varios inmobles eclesiásticos, entre os que se atopa esta igrexa do mosteiro de San Francisco de Lugo.

Este investimento supón a maior aposta pola rehabilitación dun ben histórico que fai a Xunta de Galicia este ano, só por detrás da Catedral de Santiago de Compostela. Neste contexto, cómpre destacar o compromiso coa cidade de Lugo onde se están levando a cabo obras de mantemento na Muralla de Lugo, centradas nestes momentos no cubo XXI a través dun investimento de 377.000 euros.

Bispo Pedro López

A igrexa de San Francisco está protexida polo seu valor cultural

ao ter a consideración de ben de interese cultural (BIC). A data da súa construción sitúase na metade do século XIV e está vinculada ao bispo Pedro López de Aguiar, que desenvolve unha gran actividade construtiva xa que, ademais de iniciar a súa construción, intervén na fundación do convento das dominicas da Nova (1363) e a construción da capela de San Froilán na Catedral.

A planta da igrexa de San Pedro é de cruz latina dunha soa nave de cinco tramos e cruceiro con cuberta de madeira e cabeceira de tres ábsidas poligonais con bóvedas de cruzaría. A súa construción reflicte a influencia do estilo ourensán, ademais de ser orixe dun taller específico lucense como consecuencia da actividade construtiva simultánea na catedral e nos conventos mendicantes.

Actuacións escénicas e musicais en Chantada e A Mariña

Os concellos da Chantada, Palas de Rei e Sarria acolleron seis propostas culturais da man de Cultura no Camiño+, o ciclo impulsado pola Xunta de Galicia que ata o 15 de outubro celebra a súa oitava edición, nunha versión ampliada que estende a súa programación a preto de 150 concellos de toda Galicia, 36 deles na provincia de Lugo. Todos eles son beneficiarios das subvencións convocadas pola Consellería de Cultura e Turismo para a contratación de espectáculos profesionais galegos ao abeiro deste programa, que volve contar co patrocinio de Gadis.

Grazas a estas axudas, a praza do Cantón de Chantada acolleu o día 30 de agosto o espectáculo de novo circo Circanelo. En Sarria, dúas obras de teatro ese mesmo día: A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza na zona recreativa do Chanto. O 5 de setembro Hakuna Matata na praza da vila. En Palas de Rei celebráronse tres eventos ao abeiro de Cultura no Camiño+: as obras de teatro Coa proa de Carvalho e Familia? Non, grazas, de Pedro Brandariz,

os días 2 e 4 de setembro respectivamente na Casa da Cultura, e o espectáculo de maxia A volta a Galicia en 313 concellos será na praza do Concello o día 14 ás 12,00 h.

Ribadeo acolleu concertos na rúa de Fanfarria Bassica Rapa o día 29 de agosto, e de Pesdelán o 5 de setembro no Cantón. Alfoz tamén tivo unha actuación de novo circo da man de Sue Moreno o 29 de agosto e celebrará un concerto de música de A Quenlla o 10 de outubro ás 19,00 h. En Barreiros, o centro sociocultural de San Cosme será o escenario da obra de teatro Memorias dun neno labrego o 13 de setembro ás 19,00 h.; o colexio San Miguel de Reinante, da obra Cadaval conta... vacas, guerras, porcos e cregos o 20 de setembro ás 19,00 h., e, de novo, o centro sociocultural de San Cosme acollerá un festival de maxia o 11 de outubro ás 19,00 h. A casa da cultura do Vicedo recibirá a obra de teatro Que é o que preciso? o 3 de outubro ás 20,00 h. e a praza do Concello de Trabada foi espectáculo de maxia Hocus Pocus do Mago Paco o 31 de agosto pasado.

A mocidade acondicionou a ruta dos Muíños de Xábrega

Mozas e mozos voluntarios realizaron tarefas de recollida de lixo e limpeza na contorna da Ribeira Sacra—Canóns do Sil. A mocidade limpou e acondicionou a ruta dos Muíños de Xábrega, que discorre pola comarca da Terra de Lemos e sendeiros nos viñedos da Ribeira Sacra. Ademais destas intervencións medioambientais, as mozas

e mozos visitaron os miradoiros do Canón do Sil e coñeceron como funciona un obradoiro de olería situado na parroquia de Gundivós, no concello de Sober.

Nesta nova quenda do proxecto Lewo, que comezou o pasado mes de agosto e se prolongará ata novembro, programáronse actuacións de voluntariado ambiental no Parque Nacional Ma-

rítimo Terrestre das Illas Atlánticas; nos Parques Naturais da Baixa Limia-Serra do Xurés; no Monte Aloia e no Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de de Carregal e Vixán. Tamén se realizan intervencións en tres Reservas da Biosfera: Río Eo, Oscos e Terras de Bourón; As Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo; e Terras do Miño.



Os voluntarios con alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián.

José Manuel Rodríguez, presidente do Consello Regulador Ribeira Sacra

“Agora mesmo só se pensa na vendima”

O pasado 26 de agosto comezou a vendima na denominación de orixe Ribeira Sacra ao anunciar a adega Ronsel do Sil, de Parada de Sil, da subzona de Ribeiras do Sil, que iniciaba os traballos de recollida de uva de variedades puntuais. Mentres o persoal técnico do Consello Regu-

lador da D.O. Ribeira Sacra realiza os controis de maduración para fixar o inicio recomendado da vendima, inicio que se prevé para mediados do mes de setembro, segundo comenta o presidente do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra, José Manuel Rodríguez González.



José Manuel Rodríguez González, presidente do Consello Regulador Ribeira Sacra.

Cómo se afronta a vendima despois das últimas choivas?

En principio ben; nalgúns puntos houbo un comezo de botrite pero ao chegar o bo tempo rápidamente estabilizouse. O ano pasado tivemos unha vendima de record con máis de 7.000.000 de quilos de uva recolleitos, e este ano esperamos estar un pouco por baixo dun ano normal nos que adoitamos superar os 6.000.000 de quilos, roldaranse os 5 millóns. A uva está nun bo estado sanitario e esperamos unha boa vendima.

Qué directrices marca a D.O. para unha vendima coa pandemia da Covid19?

Todas as adegas poñerán en marcha un protocolo que recolla as directrices da Xunta. A norma

marco é o decreto da Xunta; a partir de aí Consello, adegas e vendimadores teñen que elaborar un protocolo cada un para a súa empresa, para a súa realidade. O Consello seguirá desenvolvendo as súas tarefas de control, será un control menos presencial, con máis control en viña e menos visitas a adega; adaptándonos á realidade que estamos a vivir. O departamento técnico do Consello puxo en marcha un protocolo para adaptarse a esta realidade e o persoal do Consello desenvolverá o seu papel, ben administrativa-mente ou ben con traballo de campo.

Os prezos da uva manteranse estables?

As adegas máis grandes dixeron que ían manter o prezo do ano

pasado e manter a recollida aos seus clientes; así que pagarase entre 1,10 €/quilo 1,30 €/quilo dependendo das zonas e das calidades.

A causa da pandemia suspendéronse feiras do viño, exposicións e feiras nacionais e internacionais, cómo foron as vendas de viño?

Estamos razoablemente ben. A suspensión de actividades e feiras foi unha cuestión xeral, non nos repercutiu nin mellor nin peor que a outras denominacións. Esta é a realidade que vivimos. En canto ás vendas cada adega ten a súa realidade ao ter mercados diferentes, algunhas exportan, outras non. Houbo xente cos mercados máis abertos e outros menos. As adegas grandes

teñen máis espazos abertos, con máis posibilidades que en alimentación. Outras adegas que están principalmente na canle HORECA pásano un pouco peor porque teñen menos saídas.

Nun ano tan complicado a todos os niveis e en todos os sectores pénsase xa no ano que vén ou estase á expectativa para ver que pasa coa Covid19?

Agora mesmo só se pensa na vendima. Isto é ao que temos que atender agora; é coma se fose un parto e hai que concentrarse neste parto. Despois pen-

sarase no que haxa que pensar.

Desde que comezou a pandemia cómo é o día a día do C.R.D.O.R.S.?

A Denominación seguiu facendo o seu traballo, noutros formatos; pero en xeral todo se mantivo adaptándonos sempre a unha situación cambiante. Para garantir a seguridade traballamos cun protocolo que hai que manter, pero o traballo non espera. Agora concentrados nunha vendima para a que esperamos tempo seco e noites frescas, mentres miramos con respecto a situación en Monforte.

A uva da Ribeira Sacra en estado sanitario óptimo

A denominación de orixe Ribeira Sacra fixaba como data recomendada para o inicio oficial da vendima o 16 de setembro, aínda que algunhas adegas iniciaron a recollida de uva de determinadas variedades nalgúns parcelas o pasado 28 de agosto, comezando os traballos de vendima na subzona Ribeiras do Sil. A data 22 de setembro leváanse recolleitos tres millóns de quilos das diferentes variedades de viño tinto: Mencía, Merenzao, Garnacha, Brancellao, Caíño, Tempranillo, Sousón e Mouratón. De variedades de uva branca recollerónse: Godello, Albariño, Treixadura, Dona Branca, Torrontés, Loureira e Blanco Lexítimo.

Das 95 adegas que esperan vendimiar ao amparo da D.O. Ribeira Sacra nesta campaña, 21 xa terminaron, principalmente adegas pequenas, que decidiron apurar as tarefas ante a posibilidade de choiva dos próximos días. Na actualidade están efectuando labores de vendima 66 adegas e 8 aínda non iniciaron os traballos. A uva que está a entrar en adega ten un estado sanitario óptimo e os traballos sé-



Entrada de uva en Adega Vella. Abeleda, A Teixeira. (Ourense).

guense desenvolvendo con todas as medidas necesarias para a prevención da Covid-19.

Por Antonio Medina



Nuevos focos verdes

O edificio Impulso Verde será construído con madeira certificada da Mariña

O serradoiro Hijos de Ramón Rubal, situado en Alfoz, subministrará os 430 m3 de madeira necesarios para fabricar o taboleiro que se empregará na construción do Impulso Verde. As obras do edificio, que se levantará na zona da Garaballa no marco do proxecto LIFE Lugo + Biodinámico, foron adxudicadas por 1,5 millóns á empresa EGOIN S.A. e contan cun prazo máximo de execución de 15 meses. Esta compañía chegou a un acordo co serradoiro lugués para o subministro da madeira, co que o Impulso Verde será, así mesmo, o primeiro edificio público de Galicia que se constrúe na súa totalidade con madeira autóctona certificada, concretamente da Mariña, cumprindo un dos requisitos fundamentais que establecía o prego de condicións elaborado polo executivo municipal.

Neste senso, Lara Méndez alcaldesa de Lugo, destacou que

“dende que puxemos en marcha o proxecto e, pese as dificultades iniciais, mantivemos o noso firme compromiso de apostar pola madeira do noso monte como principal elemento construtivo do edificio, pois queremos demostrar que un novo modelo construtivo máis respectuoso co medio ambiente non só é posible, senón que ademais, pode axudar a dinamizar un sector que conta cun gran peso na nosa economía como é o forestal”.

Este sector representa un 2% do PIB da comunidade galega, elevándose ata aproximadamente o 8% na provincia de Lugo. Concretamente, A Mariña é unha das comarcas que rexistra máis curtas de madeira de Galicia e tamén de España. “Ademais de dar emprego a centos de familias, trátase dun sector clave para evitar o despoboamento no rural e, por iso, dende o Concello estamos especialmente orgullosos de contribuír ao seu pulo, dándolle un valor

engadido á madeira ao convertela e empregala en edificacións”, engadiu a alcaldesa.

Este modelo de construción implicará un aforro de consumo enerxético dun 74% respecto a edificios de oficinas xa existentes, e dun 54% respecto aos de nova construción. Polo que se refire ao CO2, emitirá un 90% menos que os edificios de formigón e aceiro (50 toneladas fronte a 470) e, ademais, absorberá 280 toneladas de emisións.

O serradoiro Hijos de Ramón Rubal conta con máis de 85 anos de experiencia dedicados á explotación e xestión forestal. Encargarse da curta da madeira no monte, o transporte, a primeira transformación e o envío do produto final. O Impulso Verde será a semente do primeiro barrio multicolóxico que se construírá en España desde cero e que combinará solucións urbanísticas e edificatorias, que tamén se recollerán



Serradoiro Hijos de Ramón Rubal, en Alfoz.

nun pioneiro Catálogo de Solucións Sostibbles. Actualmente estase a estudar o proxecto polo que logo se rexerá o planeamento urbanístico da zona.

Características do edificio

O Impulso Verde está deseñado cun sistema de estruturas laminares reticulares de eucalipto para a súa aplicación en cubertas, e un panel de madeira contralaminada de piñeiro radiata para a súa aplicación en edificación en altura.

En canto ás innovacións, será un edificio de balance enerxético case cero, é dicir, será capaz de producir con enerxías alternativas o seu consumo. Cando estea construído, monitorizarase para avaliar

o seu rendemento e detectar, incluso, se pode producir máis enerxía da que consome.

Desde un punto de vista espacial, o edificio conectará ao usuario coa natureza a través do emprego da madeira e da inserción de espazos axardinados, destinadas ao descanso e a distensión xa que estará rodeado dun novo parque con pavimentos drenantes, especies autóctonas, xardíns de choiva e unha ampla zona de hortos urbanos. De uso público e con actividade permanente, o Impulso Verde albergará servizos municipais, ademais dun coworking para empresas relacionadas co medio ambiente e o cambio climático.

Concellos e particulares recibirán subvencións para a mellorar a paisaxe

A Xunta concede axudas por importe global de 422.200 euros a nove concellos e 34 particulares da provincia de Lugo para acometer accións de mellora paisaxística ao longo do Camiño de Santiago. As axudas están divididas en dúas categorías en función do solicitante. No caso da primeira delas, dirixida ás entidades locais, o Goberno galego alcanzará 122.700 euros para financiar actuacións nos concellos de Guntín, A Pobra do Brollón, Paradela, O Saviñao, Barreiros, Monforte de Lemos, Palas de Rei, Lugo e Lourenzá.

No que atinxe á segunda liña, destinada a persoas físicas e xurídicas titulares dalgún elemento situado na Ruta Xacobeá, a Xunta alcanzará 299.500 euros para fi-

nanciar accións propostas por 34 particulares.

Xunto con esta liña de axudas, o Plan de embelecemento da Xunta inclúe un proxecto piloto realizado en colaboración coa Fundación Juana de Vega e que permitiu analizar e propoñer solucións de mellora paisaxística para 45 puntos situados na Ruta Xacobeá. Esta iniciativa, que contou co asesoramento da Escola Galega da Paisaxe incluíu a elaboración dun manual de boas prácticas neste eido que servirá como referencia nas actuacións financiadas ao abeiro desta liña de axudas.

Camiño do Norte

A Xunta concede axudas por importe global de 80.000 euros a sete particulares e aos concellos

de Barreiros e Lourenzá para acometer accións de mellora paisaxística no Camiño do Norte. Deste total, o 60% concéntrase na comarca da Mariña e o resto na Terra Chá. O Goberno galego alcanzará 21.640 euros para financiar o acondicionamento dunha zona verde en Vilamartín Grande (Barreiros), e mellorar a sinalización e embelecementos Bens de Interese Cultural do concello de Lourenzá. No que atinxe á segunda liña, destinada a persoas físicas e xurídicas titulares dalgún elemento situado na Ruta Xacobeá, a Xunta alcanzará 58.450 euros para financiar o arranxo de parcelas e edificacións, dúas en Trabada, outras tantas en Begonte, e as demais en Ribadeo, Vilalba e Guitiriz.



Chantada.

Camiño de Inverno

Por outra banda a Xunta concede axudas por importe global de 88.300 euros a cinco particulares e aos concellos de Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón e O Saviñao para acometer accións de mellora paisaxística no Camiño de Inverno. Alcanzará 41.200 euros para financiar actuacións de conservación da Ponte de Barxa e de mellora da pavimentación do tramo no municipio da Pobra de Brollón; a adecuación do entorno

da escola de Montecelo-Diomondi no Saviñao, e o embelecemento do exterior e o entorno do centro social de Reigada en Monforte. No que atinxe a persoas físicas e xurídicas titulares dalgún elemento situado na Ruta Xacobeá, a Xunta alcanzará 47.100 euros para financiar o arranxo de muíños, hórreos e muros de peche propostos por cinco particulares, dous deles no municipio de Chantada e os outros nos de Quiroga, Monforte e Pantón.

As Catedrais “imán turístico da Mariña”, segundo a conselleira

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, destacou que o Monumento Natural das Catedrais segue a ser o imán turístico da Mariña, xa que – a pesar das circunstancias sociais que caracterizan este verán – no mes de agosto rexistrouse practicamente o mesmo número de autorizacións que no pasado ano.

A conselleira manifestou que a crise sanitaria da Covid-19 modificou as pautas do turismo, non só de Galicia senón de todo o mundo; polo que estes datos poden considerarse positivos e bos, sempre analizándoos dentro do contexto actual, marcado por unha diminución importante do

fluxo de visitantes debido á crise sanitaria provocado polo coronavirus.

Así, o número total de autorizacións emitidas para visitar o Monumento Natural das Catedrais nos meses de xullo e agosto elevaronse a 153.795, un 18,16% menos que no mesmo período que no 2019. Aclarou que a baixada rexistrouse principalmente no mes de xullo, debido ás restricións de acceso establecidas nesta comarca.

Ángeles Vázquez salientou que esta demanda turística é a proba máis evidente de que Galicia, e A Mariña en particular, ten a sorte de ofrecer unha rica alternativa turística que permite realizar ac-

tividades ao aire libre, en espazos abertos e, polo tanto, con moitos puntos a favor neste contexto recente marcado polas precaucións sanitarias que se deben cumprir.

Nese sentido, a responsable de Medio Ambiente recordou que para facilitar as visitas, e que estas se realizaran seguindo as recomendacións establecidas polas autoridades sanitarias, a Consellería introduciu unha serie de cambios para garantir o distanciamento social, como organizar a subida e a baixada ao areal mediante quendas, priorizar a lectura de códigos QR en formato dixital, no canto de papel; e aconsellouse aos visitantes circular pola dereita nos camiños e pasa-



En xullo e agosto emitíronse 153.795 autorizacións de visitas ás Catedrais.

relas, como sentido prioritario.

A conselleira agradeceu o labor do dispositivo de traballadores despregado pola Xunta, 12 traballadores e un axente medioambiental presente na zona, que se encargaron de controlar as autorizacións de acceso, supervisar o

aparcadoiro e realizar as visitas guiadas; así como dos propios visitantes e turistas que se acercaron a este enclave natural, xa que non se rexistraron incidencias destacadas e cumpriron en todo momento coas indicacións e recomendacións establecidas.

A Xunta adxudica a conservación preventiva da Muralla de Lugo

A Consellería de Cultura e Turismo vén de adxudicar o contrato para acometer as actuacións precisas de conservación preventiva da Muralla, consistente na corta da flora vascular do conxunto dos panos. Suporá un investimento próximo aos 92.000 euros e terá un prazo de execución de catro meses e medio. Trátase dunha actuación adxudicada á empresa Resconsa, que dá continuidade aos traballos de conservación preventiva e limpeza realizados pola Xunta de Galicia, titular do monumento e responsable da súa xestión.

Esta limpeza se efectúa harmonizando a conservación do patrimonio co respecto a natureza, e acometerase no momento óptimo desde un punto de vista ecolóxico e fitosanitario. Neste sentido, tal como se vén facendo, a retirada da vexetación dos paramentos comezará unha vez remate o período de nidificación das especies que habitan o ben. De feito, o contrato prevé a elaboración dun informe avaliativo sobre a presenza de cirríos, para os efectos de iniciar os traballos de poda cando xa non afecten a esta especie.



A actuación consistirá na corta da flora vascular no conxunto do ben.

Ecolóxica e sustentable

Aínda que existe unha moratoria para a aplicación do glifosato como tratamento fitosanitario, a Consellería desbotou o uso deste herbicida para o control da flora vascular da Muralla. Por elo nos últimos anos, e no marco das actuacións de conservación, estanse desenvolvendo traballos de investigación coa finalidade de empregar produtos máis respectuosos co medio ambiente e que resulten igualmente eficaces para a correcta conservación dos lenzos.

O contrato tamén prevé que se executarán outros traballos de conservación en solados, fábricas e albardillas, e de restauración pun-

tual de elementos como revocaduras ou varandas, que sofren o desgaste propio do intenso uso do monumento e factores como a climatoloxía, a contaminación ou os comportamentos vandálicos.

Este ano concluíron as obras no cubo VII, á altura da porta do Bispo Odoario, nas que se investiron 273.000 euros, e se acometeron, entre os meses de xaneiro e abril, as obras de restauración do cubo XXXI, cun orzamento de 142.000 euros. Unhas actuacións que sumadas ás adxudicadas hoxe elevan a máis de 500.000 euros o investido na cerca romana pola administración autonómica.

Curso sobre extracción de resinas en A Pontenova

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), organizará un curso sobre técnicas de extracción de resina na Casa da Cultura do Concello da Pontenova. A acción formativa, que contará cunha duración de 60 horas, de-



O curso é para persoas vinculadas cos sectores agrario, gandeiro, agroalimentario.

desenvolverase ao longo de dez xornadas entre o 11 de setembro e 10 de outubro. A iniciativa está concibida para persoas relacionadas cos sectores agrario, gandeiro e agroalimentario ou da cadea forestal-madeira, así como para interesados en incorporarse a algunha destas actividades, especialmente mozos ou mozas do rural.

A Consellería do Medio Rural xa organizou un curso sobre técnicas de extracción de resina o pasado mes de agosto, que tivo lugar no Centro de Formación e Experimentación Agroforestal (CFEA) de Monforte de Lemos. Así mesmo, leváronse a cabo accións divulgativas sobre o potencial resinero nos piñeirais galegos, tanto no CFEA de Monforte como no Pedro Murias de Ribadeo.

A Xunta desenvolve diversos proxectos relacionados coa investigación no sector da resina dirixidos á adaptación de diferentes métodos de resinación ás condicións dos montes galegos, á mellora da produtividade, á multifuncionalidade dos espazos forestais, á xenética forestal, á planificación, á silvicultura e á protección forestal.

Miscelanea

Francisco Vázquez, ex alcalde de A Coruña recibiu a medalla de ouro da asociación Galicia en Asturias

Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia, presidiu en Oviedo os actos que organizou a asociación Día de Galicia en Asturias. Destacou que hai máis de 11.000 galegos que viven non Principado e subliñou que “os asturianos e os galegos entendémonos sempre ben e seguiremos facéndoo”.

Manuel Fernández Quevedo, presidente do colectivo galego, entregou as insignias de ouro que se outorgan anualmente. Este ano foron para Jesús María Chamorro, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias (TSJA), e para Francisco Vázquez, que foi alcalde de A Coruña e embaixador de España no Vaticano. “Ambos teñen unha traxectoria exemplar e estamos moi orgullosos de que recollan o



Francisco Vázquez, Manuel Quevedo, Alberto Feijóo, Jesús Chamorro e Alfredo Canteli.

premio”, asegurou Fernández Quevedo. A cerimonia estivo marcada polas estritas medidas para evitar contaxios pola Covid-19. Asistiron unhas cen per-

soas nunha sala habilitada para acoller a unhas catrocentas. “Hai que ter moito coidado”, subliñou Fernández Quevedo. O acto celebrouse pasadas as doce do

mediodía do día 13 de setembro. Previamente, ás once, celebrouse unha misa na catedral cantada pola soprano Tina Gutiérrez á que asistiu o alcalde de Oviedo,

Alfredo Canteli.

Asistiron aos actos Juan Coñío, vicepresidente do Principado de Asturias; Celia Fernández, vicepresidenta do Parlamento Asturiano; Pablo Junceda, director xeral do banco Sabadell Galego; Jacobo Cosmen, presidente de Alsa; Luisa Benbenuty, Jefa Superior de Policía de Asturias; Fernando Martínez, presidente de Caja Rural Asturias e Javier Fernández ex presidente do Principado.

Días antes, a asociación galega organizou un concerto en homenaxe ao persoal sanitario no Auditorio Príncipe Felipe. Tamén entregou galardóns a empresarios asturianos e galegos na Cámara de Comercio de Oviedo, en recoñecemento ao labor que realizan. A asociación Día de Galicia en Asturias, con sede en Oviedo,

Galicia e Asturias traballarán para lograr unha aterraxe suave no próximo período de fondos europeos

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, mantivo en Oviedo unha xuntanza co presidente do Principado de Asturias, Adrián Barbón, na que entre outros asuntos analizaron o novo período de financiamento europeo e acordaron traballar conxuntamente para lograr unha aterraxe suave dos fondos que reciben ambas rexións procedentes da Unión Europea. En pleno proceso de definición da asignación do período 2014-2020, as primeiras previsións indicaban que Galicia e Asturias serían as rexións que perderían máis financiamento comunitario, unha cuestión especialmente gravosa na actual situación de pandemia e do seu impacto na economía e no emprego.

Ante esta posibilidade dun descenso brusco na percepción de fondos, os presidentes galego e asturiano acordaron hoxe tra-

ballar de xeito conxunto para que este reparto provisional se corrixa e ningunha rexión sufra no vindeiro período unha baixada abrupta dos fondos que recibiu no actual período 2014-20. Nesta liña, o presidente da Xunta subliñou que, a nivel de apoios europeos, está o fondo de reconstrución europea fronte á covid-19, pero iso non pode facer esquecer que está a piques de aprobarse o orzamento comunitario 2021-2027. Para iso, destacou que “é fundamental que os fondos de cohesión, cuxa contía practicamente permanece estable para España, se repartan con criterios de salvagarda e cunha rede de seguridade” de forma que as comunidades autónomas non perdan fondos con respecto ao período actual.

En concreto, formarase un grupo de traballo no que haberá representantes dos departamentos

de Facenda de ambos gobernos para, segundo indicou o presidente, “facer un documento conxunto e poder facer unha proposta conxunta ao Goberno de España”. E destacou que esta tarefa se fará “con independencia das cores” e traballando polos cidadáns.

Intereses compartidos

Feijóo e Barbón tamén se referiron á alianza posta en marcha entre Galicia, Asturias e Castela e León, en defensa dos intereses loxísticos compartidos, en concreto, o corredor ferroviario de mercancías, sobre a que renovaron o seu compromiso. “Isto naceu dun cumio e de moitos meses de traballo no ano 2017”, destacou Feijóo e recordou que no seu día se consensuou un plan de necesidades cifrado en 3.000 millóns de euros e foi trasladado ao Goberno central para facilitar a defensa dos seus intereses ante as convocatorias de fondos da UE.



Adrián Barbón e Alberto Feijóo no despacho do primeiro.

O presidente da Xunta tamén aseverou que se trataron outros temas comúns na reunión como o reto demográfico, a dispersión e o envellecemento da poboación, e afirmou que estes factores su-

poñen “un incremento no custo da prestación dos servizos públicos”. Así, concluíu, “debe estar dentro de calquera sistema de financiamento dun país descentralizado”.

A Xunta restaurará as torres de San Martiño e das Campás na catedral de Ourense

A Xunta de Galicia vén de licitar, cun investimento de 394.000 euros, obras de conservación e mellora de diversos ámbitos da catedral ourensá, que inclúen a fachada occidental, o nártex, as torres de San Martiño e das Campás e dous patios laterais delimitados pola nave central, as naves laterais, a zona do coro e as torres. Un investimento que se suma aos máis de dous millóns de euros que a Consellería de Cultura e Turismo leva investido durante a última década neste ben.

Unha vez adxudicadas, as obras terán unha duración máxima de seis meses e con elas solucionaranse algunhas das patoloxías prioritarias do templo, de cara a evitar un maior deterioro deste, permitir a súa utilización e mellorar cuestións relativas á visibilidade dos seus elementos patrimoniais singulares. A devandita intervención está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Fachada occidental

Ao respecto da fachada oeste, ademais da reposición de faltas e os traballos de limpeza, preconsolidación, consolidación e selado, desmontarase e retirarase unha trazaría de pedra do século XVI, trasladándose para a súa exposición nun lugar axeitado, e procederase á desmontaxe dunha vidreira colocada no século XX no rosetón do corpo superior.

Polo que respecta á trazaría pétrea, estamos diante dunha intervención histórica

que é preciso reformular para mellorar a apreciación dos elementos escultóricos da portada románica, axudando así a unha mellor interpretación do conxunto. Neste sentido, cómpre dicir que a trazaría afecta fisicamente e impide a correcta lectura da decoración románica do pórtico exterior da fachada, xa que interrompe, á altura da cintura a contemplación das figuras que o compoñen.

Ademais, como quedou dito, procederase á desmontaxe dunha vidreira contemporánea situada no rosetón do corpo superior, ao entenderse que conta cunha presenza excesiva debido aos perfís de aluminio que a definen. Deste elemento almacenarase aqueles vidros que se consideren de interese. Posteriormente, procederase á instalación dunha nova carpintería de latón na que a Diocese de Ourense instalará a nova vidreira.

Nártex e torres

No nártex, acometerase a substitución da iluminación do Pórtico do Paraíso por unha iluminación que mellore o impacto visual das existentes e a súa eficiencia enerxética; restaurarase as portas de madeira de acceso e realizaranse dúas catas na base da torre das Campás para investigar a orixe das humidades presentes nesta zona.

Polo que respecta á torre de San Martiño e a torre das Campás realizarase unha limpeza e rexuntado xeral das mesmas; acometerase a restauración ou substitución

das carpintarías, procedéndose á protección dos ocios e, ademais, naqueles lugares con cornixas e repisas susceptibles de filtración de auga ou acumulación de sucidade, colocarse unha chapa de cobre e medidas antiaves. Finalmente, nos patios laterais, substituirase a cuberta plana existente por unha cuberta invertida con acabado superficial de pedra granítica e realizaranse pequenas reparacións das carpinterías e da instalación eléctrica.

Séculos de historia

Consagrada en 1188, o templo é de planta de cruz latina, con tres naves que na súa orixe terían tres ábsidas, da que só se conserva a central, composta á súa vez por cinco absidiolas. A súa cubrición realizouse con bóveda de cruzaría cuadrípartita. Entre 1499 e 1505 encárgaselle a Rodrigo de Badajoz levantar o ciborio octogonal, que se ofrece no exterior mediante tres corpos, sendo o último unha galería aberta coroadado cunha crestería e pináculos que lle confiren unha maior ascensionalidade.

Como espazos sobresaíntes debemos mencionar a capela Maior, a capela do Santo Cristo, o Pórtico do Paraíso e o Museo Catedralicio. Non obstante toda a



A catedral de San Martiño ten máis de oito séculos.

catedral merece atención, comezando polo deambulatorio, que consta de varias capelas, entre as que cómpre destacar a da Asunción ou dos Argiz, que no seu interior alberga a capela do Cristo dos Desamparados; ou a lateral norte, coa capela da Virxe das Neves. Polo seu carácter sobranceiro, a Catedral de San Martiño goza a consideración de ben de interese cultural.

O Arquivo Histórico Provincial de Ourense pasa á nova sede de San Francisco

Os traballos impulsados pola Xunta de Galicia para trasladar os fondos do Arquivo Histórico Provincial de Ourense ata a nova sede situada no antigo Convento de San Francisco remataron xa, catro días antes do previsto, permitindo que esta dotación cultural poida retomar a súa actividade garantindo o acceso e consulta nas novas instalacións. Esta operación, cun investimento próximo aos cen mil euros por parte do Goberno galego, iniciouse o 3 de agosto e é a máis grande deste tipo realizada nunca en Galicia. Os traballos incluíron o movemento de 54.000 caixas con seis quilómetros lineais de documentación a un depósito que nestes momentos ten capacidade para al-

bergar case oito. Unha vez que o Ministerio de Cultura y Deporte culmine o equipamento da área de depósito, en marcha nestes momentos, a capacidade total deste Arquivo permitirá albergar aproximadamente 27 quilómetros lineais de documentos.

O traslado efectuouse de xeito ordenado, baixo a dirección e supervisión do persoal técnico do arquivo e atendendo, en especial, ás condicións de manipulación daqueles fondos singulares pola súa antigüidade, formato ou estado de conservación. Entre os documentos con estas características figuran fragmentos de códices, impresos incunables, máis de 1.700 libros procedentes de institucións relixiosas, do Catastro de

Ensenada ou do fondo antigo bibliográfico, así como outros documentos anteriores a 1960, edicións facsímiles ou obras en formato especial como fotografías, planos, mapas ou diapositivas, entre outros.

Visitantes

As novas instalacións traerán consigo un considerable incremento da capacidade ao pasar dos 1.745m² do emprazamento actual, no Pazo Episcopal, ata os 9.350 m² da nova sede. Precisamente, co fin de dar a coñecer e achegar á cidadanía o novo inmovible, a Xunta realizou, coincidindo co inicio do traslado, unhas xornadas de portas abertas con visitas guiadas a cargo da dirección e equipo técnico do arquivo na que participaron un centenar de persoas.



Empaquetado individual e coidadoso dos libros centenarios con cubertas de pergameo ou coiro.

A renovación do firme da autovía AG-53 entre Dozón e Cea finalizará en outubro

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, salientou que a renovación do firme que a Xunta está a executar na autovía AG-53 entre Dozón e San Cristovo de Cea estará finalizada en outubro, logo dun investimento de 4,8 millóns de euros. A conselleira supervisou o desenvolvemento destes traballos, que prevén a actuación nun total de 18 quilómetros do tramo autonómico da conexión Santiago-Ourense, ademais de en 3 quilómetros nos ramais dos enlaces de Piñor e Cea. Segundo explicou, a actuación entre Dozón e San Cristovo de Cea inclúe, ademais da renovación do firme, a reparación dos danos superficiais na vía e o fresado dos taboleiros de pasos de viga e, tamén, o repintado das marcas viarias e a repo-

sición de captafaros e elementos de balizamento.

Ethel Vázquez referiuse ao bo ritmo na execución dos traballos, que comezaron na segunda semana de agosto e que acadan xa un grao de execución do 50%. Así, indicou que está xa rematada a renovación da capa de rodadura da calzada do sentido Santiago-Ourense e esta semana a execución se centra no sentido contrario. A partir do 21 de setembro comezará a extensión do novo pavimento no enlace de Cea. A conselleira sinalou que, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan, as obras de renovación extraordinaria do firme da autovía AG-53 entre Dozón e Cea estarán rematadas no mes de outubro. No caso de que as chuvias impidan facelo nese momento, o repintando de-

finitivo das marcas viarias acometerase en primavera, posto que se trata de traballos que deben ser executados en tempo seco.

As obras foron programadas co obxectivo de minimizar a afectación aos usuarios, pese ao que foi necesario realizar cortes de tráfico e a habilitación de desvíos por vías alternativas, algo polo que a titular de Infraestruturas da Xunta pediu desculpas aos condutores, cuxa paciencia e comprensión agradeceu. Trátase, apuntou a Ethel Vázquez, dunha renovación integral do firme prevista no contrato de concesión da autovía autonómica para o ano 2022. Sen embargo, a Xunta decidiu adiantar a actuación a este ano para garantir a prestación do mellor servizo aos preto de 8.500 vehículos que circulan cada



Obras de renovación do firme na autoestrada AG-53.

día pola AG-53.

Afirmou que se trata dunha intervención “necesaria e importante” para o reforzo da seguridade da vía e para facer máis cómodos os desprazamentos e a enmarcou na aposta que vén realizando a Xunta por manter as estradas autonómicas nas mellores condicións. A ese respecto puxo en valor que o Goberno galego destina unha media de 40 millóns de euros ao ano á conservación ordinaria e extraordinaria das estradas da súa titularidade.

Ademais, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade referiuse ao traballo que vén realizando a Xunta por mellorar a autovía autonómica AG-53, onde ademais destas obras de renovación de firme, están en redacción dous proxectos para permitir todos os movementos de entrada e saída desde Dozón. Nese sentido, avanzou que en vindeiras datas o Goberno galego aprobará o decreto das expropiacións necesarias para a incorporación á autovía desde a N-525, en sentido Ourense.

Voluntariado no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, salientou o importante valor medioambiental que promove entre a xuventude o campo de voluntariado Parque Natural do Xurés que se está a celebrar neste emblemático espazo do municipio ourensá de Muíños. Os participantes realizan diferentes tarefas centradas no coidado da fauna e flora do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Construíron barreiras antierosivas nas ladeiras dos montes queimados para frear a erosión do solo. Tamén realizan labores de rexe-



Mozas e mozos entre os 18 e os 30 anos participan nestas actividades.

neración espallando sementes e constrúen refuxios para aves e insectos polinizadores coa intención de mellorar a biodiversidade da contorna. Tamén realizan ou-

tras actividades de ocio e lecer como rutas, xogos de rol, visitas a Ourense e Allariz, obradoiros ambientais e de reciclaxe e actividades náuticas, entre outras.

Sarabela Teatro estreou “A lingua das bolboretas”

A obra de Manuel Rivas “A lingua das bolboretas” estreou en Ourense a súa primeira adaptación teatral cun espectáculo producido por Sarabela Teatro que acadou unha subvención á creación escénica da Xunta de Galicia.

Fernado Dacosta, Elena Seijo, Fina Calleja, Sabela Gago, Josito Porto e Fran Lareu asumiron a interpretación da que é a cuarta incursión de Sarabela nos textos de Rivas e coa que o colectivo ourensán celebra 40 anos de traxectoria profesional sobre os

escenarios.

As vindeiras funcións terán lugar na Sala Baía de Foz o 2 de outubro, na Casa da Cultura de Vimianzo o 10 de outubro, e no Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa o 14 de novembro.

Campos de voluntariado en Esgos e Ribadavia



Os voluntarios en Ribadavia.

No campo de voluntariado de Ribadavia, chamado “O noso rural, a nosa Historia”, celebráronse diferentes actividades como obradoiros de cestería, xogos e baile tradicional. Ademais, os participantes na iniciativa coñecerón esta zona ourensá con visitas a artesáns locais, e bodegas ou ás termas.

Pola súa banda, en Esgos as

actividades realizáronse nos arredores do Albergue de Vilar de Ordellas. Así, o campo de voluntariado puxo ás persoas voluntarias en contacto coa Ribeira Sacra ourensá. Tamén os achegou á historia do propio concello a través da recompilación de material audiovisual sobre o pasado de Esgos para a creación dunha exposición no Centro Cultural Parada de Justel.

Este outono sairá ao mercado a castaña deshidratada de Luintra

A cooperativa agraria Sofragal con sede en Luintra (Nogueira de Ramuín), ten 13 socios e 15 hectáreas de soutos con castiñeiros. Enrique González López, enxeñeiro agrícola da asesoría Geysa, sinala que se aspira a xestionar case 21 hectáreas de soutos de castañas en cinco anos, coa previsión de ter unha colleita de 50.000 quilos de castañas. A cooperativa conta desde hai

un ano cunha nave no polígono de Luintra (a única que hai na actualidade neste recinto). A delegada da Xunta, Marisol Díaz Moureira, nunha recente visita ás instalacións puxo en valor o traballo da cooperativa, que comezou a funcionar en 2013 xestionando de forma conxunta as hectáreas de castiñeiros, o que lles permite rendibilizar o proxecto. A cooperativa recibiu da Xunta axudas por

valor de 160.000 euros (sobre un investimento total próximo aos 360.000 euros).

Conta Enrique González López que a cooperativa ata o de agora só dedicábase á produción e recolección de castaña, pero este ano creou unha nova industria de transformación para a obtención de castaña deshidratada e fariña de castaña. Pretenden comercializar 15.560 quilos de castaña deshidratada pelada e 2.470 de fariña de castaña. Son tres as canles de venda do produto: por xunto, en pastelerías e restauración e en feiras e eventos de produtos locais.

Respecto a a nave do polígono xa se realizaron probas de maquinaria e este ano comézase a producir. En outubro ou novembro está no produto no mercado. A sociedade cooperativa galega non ten traballadores asalariados e as hectáreas de soutos son pro-



Dositeo é o secretario de Sofragal.

piedade dos asociados aínda que houbo cesións doutras persoas.

Sofragal non foi a única industria dedicada á produción de castaña que recibiu axudas da Xunta. Hai outras dúas que tamén lograron diñeiro con cargo ás

subvencións para investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios. A Consellería do Medio Rural tamén axudou a outros sectores: cárnico, de produción de patacas, de mel, de aceite e de pensos.



Así sairá o produto ao mercado.



Soutos en Nogueira de Ramuín.

Os biondas na estrada aos catamaráns

Nas redes sociais hai maioría de comentarios favorables sobre o funcionamento dos catamaráns no embarcador de Santo Estevo de Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín). “Excelente experiencia, un paseo magnífico, nunha tarde de calor e refrescante. Unha excelente guía nos explicou con moito detalle todo o interesante da Ribeira Sacra”. “Fomos a gozar do paseo en barco. Chaman por orde de re-

serva e cando se enche a parte de arriba pasan á parte de abaixo que é interior pero cando o barco parte podes moverche por todo o barco e a parte exterior o guía moi completo e atento todo o percorrido. A paisaxe é espectacular por onde o mires. “Realizamos esta viaxe ao mediodía. Resultou moi relaxante, axudounos o tempo dos primeiros días de setembro. A guía foi moi profesional, atendeunos durante todo o circuito. Esta visita é obri-

gada, para coñecer desde o río Sil a paisaxe singular da Ribeira Sacra. “A organización resultou satisfactoria, se temos en conta que o embarcador é o que é e está nun lugar illado, pero dunha beleza excepcional”. “Algúns pensamos en cuantos lugares temos por coñecer e deixámonos impresionar por viaxes a longa distancia, cando temos beleza con esta no noso país”.

Os comentarios menos favora-



Os biondas substituíron ás pedras protectoras.

bles refírense a “o camiño para chegar ao embarcador é precioso, pero a estrada está chea de curvas e é tan estreita que dous coches crúzanse daquela maneira”. “É pena que colocasen

varanda de aluminio e non manteñan as pedras protectoras que había antes. O roteiro perde encanto porque sobresaen as biondas antiestéticas reducindo o ancho da estrada”.

OIL PINTUCO

Recogida de Aceite,
Limpieza de Campanas,
Extractores y Salida de Humos



680 956 669
675 860 424

OU-I-NP-NR-00030
OURENSE - oilpintuco@gmail.com

TIENDA Dositeo

- Ferrería
- Bazar, Bricolage
- Prensa, Revistas,....

Tlf.: 988 201 182
Movil: 699 077 551

Praza do Concello, 2 - LUINTRA
Nogueira de Ramuín (Ourense)



Pereiro ten casi medio millón de remanente

O Concello de Pereiro de Aguiar aprobou en sesión plenaria e por unanimidade, cos votos dos edís do PSOE a pesar da maioría absoluta do PP, rexeitar a cesión de remanentes ao Goberno central. O grupo de goberno presentou un texto que rexeitaba a cesión dos remanentes con fortes críticas á xestión do Goberno central, algo que non aceptaban os edís do PSOE, e que foi matizado, ciñéndose o acordó ao rexeitamento para ceder os aforros.

Jorge Gutiérrez, edil socialista, dixo que "non estamos en contra do acordo do Goberno coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), senón que neste caso, e despois de que se nos pre-



sentase o informe do Concello, mostra que no caso de Pereiro non sería beneficioso, e debémonos aos veciños".

O concello do Pereiro ten 435.000 euros de remanente e Gutiérrez sinalou que, "xa gastou un millón de euros do remanente os

últimos dous anos, o que mostra que sí se pode investir parte dese diñeiro, grazas precisamente ás flexibilizacións realizadas polo PSOE no Goberno, polo que é máis útil quedar con él". Tanto PP como DO sinalaron que "non pódese xogar co diñeiro dos veciños".

A Xunta difunde entre a mocidade o valor medioambiental de Pereiro de Aguiar

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, visitou ao grupo de mozas e mozos que participan nos campos de voluntariado centrados no turismo sostible e medioambiental, que se desenvolveron no municipio ourensán de Pereiro de Aguiar. O campo comezou a finais de xullo e rematou logo de 12 días de actividades. No campo de voluntariado O Pereiro as mozas e mozos participantes, con idades comprendidas entre os 18 e os 30, realizaron diferentes iniciativas para poñer en valor a contorna a través de deseño de roteiros, inventarios de biodiversidade e fauna e coa elaboración de material audiovisual sobre os recursos etnográficos do Pereiro de Aguiar. Os participantes tamén desfrutaron dun amplo programa de actividades de ocio complementarias, que incluíu xogos de rol, charlas de carácter social, obradoiros medioambientais e de reciclaxe, así como actividades pola cidade de Ourense.



Participaron mozas e mozos de 18 a 30 anos.

Brigada contra incendios para O Pereiro

O Concello de Pereiro de Aguiar contará este ano cunha brigada municipal contraincendios. Esta cuadrilla complementará o dispositivo de emerxencias no que se inclúen o Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) e a agrupación de Protección

Civil. O alcalde, Luís Menor, explicou que aínda que o verán xa está avanzado, os incendios alónganse máis aló do estío e estas brigadas fan tamén labor de prevención. A dotación do servizo atrasouse ao tratarse dun convenio de nova firma, explicou o rexedor.

Tapada de Bouzas e Veiga de Abaixo terá parque infantil cuberto

O Concello de Pereiro de Aguiar contará con dous parques infantís cubertos nas urbanizacións Tapada de Bouzas e Veiga de Abaixo. Trátase dunha demanda, di o alcalde Luís Menor, dos veciños destas zonas e así os nenos poderán "gozar máis tempo dos mesmos aínda que as condicións climáticas sexan desfavorables". As obras son

posibles grazas á liña de axudas que para estas actuacións abriu Vicepresidencia da Xunta e que posibilita que a metade do custo das actuacións sexan asumidas pola administración autonómica. O alcalde lembra que se traballa na reforma do parque da urbanización de Monterrei para lograr unha sensible mellora nas súas prestacións.

O plan de limpeza de maleza a piques de finalizar

Pereiro de Aguiar está a finalizar o plan de limpeza de maleza de estradas e pobos. O municipio contratou seis brigadas para recuperar o atraso debido ao

confinamento polo covid-19. O alcalde popular, Luís Menor, indica que despois pasarán á roza de camiños e doutros espazos públicos do municipio.



PULPERIA NO QUEIRO

Estrada Santabaia, 28. Tfno 988 38 02 54. Pereiro de Aguiar



SANTABAIA
RESTAURANTE

Cocido
Callos
Pulpo
Tapería
Cafetería
Carta
Pulpeiro
os domingos



Restaurante Roupeiro

Especialidade:
Cabrito ao forno,
cocido galego e
raia de Portonovo

Estrada Ourense a Castro Caldelas,
quilómetro 9.
A Derrasa. (Pereiro de Aguiar)
Teléfono 988 38 00 38.